

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:15 horas do día 24/03/23, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D^a. IRIA LAMAS** en substitución de **CARLOS LÓPEZ FONT, NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSE CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 17/02/2023

2.- DAR CONTA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS PARA O ANO 2023

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencions a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial.

A distribución dos orzamentos por modalidades deportivas é a seguinte:

Piragüismo.....	280.000,00 €
Remo.....	145.000,00 €
Vela.....	75.000,00 €

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, nas modalidades deportivas de piragüismo, remo e vela.

4.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:17 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

